



CINTA'DHESIVA

[cintaadhesiva.info@gmail.com](mailto:cintaadhesiva.info@gmail.com)



O proxecto Cintaadhesiva parte dunha relación estreita cos diferentes usos da cinta americana, fiso, pegamento e medio, blu tack e outro tipo de sistemas de fixación e ensamblaxe, agás o loctite e demais fluídos non flexibles, e a súa faceta para unir e superpoñer sempre sobre unha base porosa e escorregadía. Disciplinas como poesía, música, videoarte e posta en escena reméndanse unhas ás outras nun espectáculo pensado para o directo, para acción (aínda que en contra desta afirmación existan varios volumes en forma de cd á venda ou de libre escoita en bandcamp), pois xorde da intención de apelar á escoita e á visión pero tamén a outras partes sensibles e sensoriais do corpo de maneira que o que se produza sexa unha «vivencia».

Ten como base os ámbitos literario e musical, xa que se trata do proxecto orixinal da poeta Silvia Penas e o músico Jesús Andrés Tejada. Unha parte importante do conxunto son textos poéticos integrados na música (non acompañados pola música). O espectáculo intercala tamén temas cantados compostos polos mesmos autores.

Cintaadhesiva é un dúo que podería inserirse no xénero coñecido como "e-poesía": poesía con música electrónica, xa que a electrónica é a base principal das composicións de Jesús Andrés (con reminiscencias do post-rock, dream pop e ambient).

En directo compoñen o grupo: **Jesús Andrés** (vídeo e son) e **Silvia Penas** (voz).

Un concerto de Cintaadhesiva é unha experiencia moi completa, de grande intensidade. Nos contidos descata un posicionamento marcadamente feminista e unha visión crítica de diversos ámbitos do social. Unha reflexión profunda e poética acerca da vida e das formas de actuar do ser humano.

## **Premios, colaboracións e escenarios**

O videopoema "Derrota programada" foi seleccionado no festival internacional Visible Verse 2016 (Canadá )

O videoclip "O deserto" foi finalista no Concurso de videoclips do Festival de Cans 2017 e no Certame de Videoclips Armadilha rock.

O videopoema "The Caretaker" foi seleccionado no Versi di Luce 2019, Motion Pictures International Film Festival MOPIFF de Calgary 2018, Miniature Film Festival de Vancouver 2018 e no Newlyn PZ International Film Festival 2019.

En 2023 o videopoema *O resto é ceo* é seleccionado no festival internacional Intersección, no First-Time Filmmaker Sessions 2023 e no WORLDTHREADING Film Fest 2024.

Gañador do Concurso Estudios Mans Festival SinSal San Simón 2017 e formou parte da programación do Festival Sinsal deste mesmo ano.

Finalistas dos Premios Martín Códax da Música na categoría de electrónica 2016 e 2017.

Levou a cabo o material audiovisual de diferentes proxectos como "Mulleres que contan 2017" do Concello de Mondariz e os vídeos "Electromagnetismo" da Universidade de Vigo e "A luz" da mesma entidade.

Colaborou coa súa música en diferentes proxectos da Produtora de Cine Miramemira.

No ano 2020 a Fundación Xoán Piñeiro encárgalles unha peza audiovisual e un directo, que resultou nun pequeno poemario con banda sonora e visual : Buciños, ou modelar o amor co vento.

Creou o espazo sonoro para a serie documental Xela Arias, a palabra esgazada, da Real Academia Galega, no ano 2021 dedicado a esta poeta.

No 2022 preséntase o proxecto Retrato Musical en colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo.

Creou o espazo sonoro da peza teatral Sofía e as postsocráticas da compañía Inversa Teatro.

Participou no proxecto A Malinche de intercambio de artistas irlandeses e galegos con actuacións en escenarios de Dublín e Belfast.

Formou parte da programación de Mulleres Creando 2016 no marco do Festival Internacional de Teatro de Ourense e do proxecto Cinema e Muller 2016 da Deputación de Pontevedra.

Desde o ano 2020 participa en diversas propostas co Colectivo Límites, asociación e grupo artístico ao que pertence.

Participou en festivais internacionais como o Festival Internacional de Poesía Expandida Urogallo de León 2016, Festival Internacional Naa de Barcelos 2015, Festival Binnar de Vila Nova de Famalicao 2016, Festival Internacional de Poesía Poemagosto de Allariz, Festival Artellando de Santiago de Compostela 2017, Culturgal 2015 e 2018, Festival da Poesía no Condado 2019, Vociferio de Valencia 2018 e 2021, Pan duro 2021 (Segovia), Expoesía 2022 (Soria), Poesia i+ 2023 (Barcelona), La nit de l'art (Castelló) 2024.

Alén destas mencionadas, Cintaadhesiva ten un percorrido de máis de cen actuacións pola xeografía galega en diferentes salas de concertos, teatros, prazas etc. formando parte da programación cultural de diversos concellos galegos, Institutos de Ensino Secundario, ou inserido noutro tipo de eventos ademais dos institucionais.

## Silvia Penas

Profesora de lingua e literatura galega. Exerceu como docente e organizadora do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (Concello de Vigo), na área de "spoken word".

Como poeta foi galardoada en diversos certames como o premio de poesía da Universidade de Vigo 2005, co poema en cinco partes intitulado "Neste bosque". En 2007 foi premiada no certame para creadores novos da Xunta de Galicia Gzcrea, coa serie de poemas "A tiranía do des".

En 2010 publica en coatoría con Elvira Riveiro, o poemario *Biografía da multitude*, premio Victoriano Taibo 2009.

En abril de 2013 publica *As uñas crecen*, poemario gañador do certame Manuel Lueiro Rey de poesía.

Tamén en 2013 publícanse *As xeórxicas do pan*, de Otero Pedrayo, do cal é editora.

Gañou o I Slam poetry Vigo e do Slam Arousa.

Foi seleccionada para participar no Gran Slam Internacional de Barcelona que se celebrou en marzo de 2013 e participou no Poetry Slam Nacional de Madrid dese mesmo ano.

En 2015 publica *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, co que obtivo o premio Avelina Valladares.

En 2019 sae do prelo *Fronteira Paraíso* da Editora Urutau. E coa mesma editora dous anos despois *O resto é céu*, primeiro libro en lingua portuguesa da autora.

En 2018 participa como actriz e co-creadora da obra de teatro *Sofía e as Postsocráticas* da compañía Inversa Teatro.

En 2023 publica *O resto é ceo* (Malafera) e *Retratos de vodas, partos e funerais* (Galaxia)

Actualmente é membro de diversos proxectos literarios e musicais como o obradoiro infantil "Ola ríos, ola fontes", promovido pola Área de Normalización Lingüística do Concellode Vigo e o proxecto Tristecentos versos (xunto cos poetas Elvira Riveiro e Xabier Xil e a DJ Carina Posse).

Na actualidade forma parte do colectivo interdisciplinar LÍMITES corpo**colectivo**transfronteirizo

No ano 2024 recibiu o Premio Follas Novas ao mellor libro de poesía en galego publicado no ano 2023 pola súa obra *Retratos de vodas, partos e funerais*. Deste mesmo libro foi destacado como o mellor poema galego na Gala Aritmar Galiza e Portugal o que leva por título "Canto segundo para un fillo non nado".

Tamén no 2024, polo seu poemario *A pel do exilio*, obtivo o Premio de Poesía Concello de Carral.

## Jesús Andrés Tejada

Deseñador gráfico, músico e videocreador.

Realizou diversos proxectos artísticos: Cía. Branca Novoneyra, Cía. Druida danza, Sulxeitos, ISGA collective, Dandylady, Cía. de danza Indio Palo, Mago Teto e o Centro Coreográfico Galego, nestá última cos espectáculos Etheria e Verde Transparente.

Escenarios internacionais: FIB Heineken, Festival Intercéltico de Lorient, Edimburgo, Liverpool, Bruselas, Frankfurt, Londres, Munich, Marsella, Berlín, Belfast, Dublín, Helisinki, Oporto, Esposende, Ponte de Lima...

Compartiu escenario con Parker & Lily, Matt Elliot, Migala, Fat Fredy, The Partisan Seed,...

Formou parte do proxecto de poesía escénica Tender a Man xunto a Yolanda Castaño, Mónica de Nut, Isaac Garabatos e Branca Novoneyra.

Finalista 2007 no Proxecto Demo FIB Benicassin e semifinalista en 2005 e 2006 co proxecto Deuteronistas.

Tamén participou en diversas formacións musicais como Patricia Moon, ISGA collective, Los Suizos, Gloomy House, Indio Palo, ...

Na actualidade participa nos proxectos COSTA ESCURA (krautrock) e CINTAADHESIVA (e-poesía).

O proxecto COSTA ESCURA foi finalista nos premios NARF 2019 e no Festival de Cine de Almagro 2022.

Realizou a BSO das obras teatrais Sofía e as Postsocráticas (2018) e *O Péndulo* (2022) da compañía Inversa teatro. Coa creadora escénica Deborah Vukusic traballou nas pezas *Guerra de Identidade* (2022) e *3240* (2023), onde se encargou da música e do espazo sonoro. Así mesmo participou en varias pezas de acción performaticva coas creadoras e actrices María Roja, Marta Pérez e Avelina Pérez.

En 2023 traballou coa creadora e dramaturga Avelina Pérez no seu proxecto Desde ese silencio.

No 2018 encargouse do contido fotográfico do poemario de Silvia Penas *Fronteira Paraiso* e no 2021 do poemario de Laura de Cáceres *Despois da erosión*.

Na actualidade forma parte do colectivo interdisciplinar LÍMITES corpo**colectivo**transfronteirizo.



# CINTA'DHESIVA

cintaadhesiva.info@gmail.com

WEB



You  
Tube

